

## **27/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 27 NOVEMBRO DE 2019.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 27 de novembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA OS DÍAS 07.11.2019 (25/2019) E 19.11.2019 (26/2019).**

**Sra. Alcaldesa:** O primeiro punto da orde do día sería a aprobación da acta da sesión realizada os días 07.11.2019 (25/2019) e 19.11.2019 (26/2019) Algo ao redor das actas? As sometemos a votación. Primeiro a do día 7, votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 07.11.2019 (25/2019).

**Sra. Alcaldesa:** E a do día 19 de novembro, votos a favor.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 19.11.2019 (26/2019).

**Sra. Alcaldesa:** Ben, pasamos ao segundo punto da orde do día.

### **2.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS 2015-2020.**

**Sra. Alcaldesa:** Ben, pasamos ao segundo punto da orde do día que sería a Modificación do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o Desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras 2015-2020. Vén ditaminado por unanimidade da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade, celebrada o día 21 de novembro de 2019. Abrimos un turno de palabras. O sometemos a votación entón, votos a favor.

De seguido sométese a votación o asunto, e o Pleno da Corporación tendo en conta o ditame da comisión informativa de benestar social e igualdade do 21.11.2019, e o informe do secretario da corporación do 20.11.2019 , por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación á Modificación do Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o Desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras 2015-2020, ao que está adherido este concello, segundo o texto obrante no expediente.

### **3.- CAMBIO DO DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO .**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao seguinte punto que é o cambio de hora de celebración do Pleno Ordinario de Decembro. Vén da Xunta de Voceiros, e a proposta sería, bueno... que dado que o último mércores do mes de Decembro, día en que correspondería a realización do Pleno Ordinario, coincide co festivo de Nadal, proponse que a Sesión Ordinaria do Concello Pleno correspondente ao mes de Decembro de 2019, se traslade para o día 27 de decembro ás 11. Algo en torno a esta cuestión? O sometemos entón a votación. Votos a favor.

De seguido sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta o acordo da Xunta de Voceiros do día 20 de novembro de 2019, por unanimidade, acorda o cambio do día e hora de celebración do Pleno Ordinario de Decembro para o 27 de decembro ás once (11) horas.

### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG ASUMINDO O ESCRITO DE MOCIÓN DE VÍA GALEGA PARA DITAR POLÍTICAS NECESARIAS PARA REMATAR COA EMIGRACIÓN EN GALICIA E CREAR CONDICIÓNS PARA FAVORECER O RETORNO DAS PERSOAS EMIGRADAS.**

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do BNG asumindo o escrito de moción de Vía Galega para ditar políticas necesarias para rematar coa emigración en Galicia e crear condicións para favorecer o retorno das persoas emigradas, e o Concello Pleno, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP), acorda prestar aprobación á moción, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á

Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.
  
- Deben ser eixos destas políticas:
  - A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
  
  - A creación de emprego digno e de calidade.
  
  - O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
  
- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

### DELIBERACIÓN

**Sra. Alcaldesa:** Ben, e pasaríamos ao 4º punto da orde do día que sería a moción do Grupo Municipal do BNG asumindo o escrito de moción de Vía Galega para ditar políticas necesarias para rematar coa emigración en Galicia e crear condicións para favorecer o retorno das persoas emigradas. Ten a palabra o relator.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, boa tarde a todos e a todas, nós e... o BNG asumiu esta moción porque é unha moción que presenta Vía Galega e como e... aquí ten que asumila algún grupo, pois nós para que non decaera a moción decidimos asumila, máis que nada porque a intención desta moción non é outra ca de intentar impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e que favorezan o retorno das persoas emigradas, porque aínda que poidamos pensar que a emigración xa é un tema do pasado, o realmente certo é que continua a ser un drama vixente a día de hoxe, e practicamente nos mesmos termos nos que falaba Rosalía de Castro no seu poema: **Pra a Habana!** que é o que encabeza a moción, porque creo que todos temos amizades ou familiares que tiveron que emigrar. Hoxe en día, e para a nosa desgracia, xente maioritariamente nova, o que está a converterse nun problema social e nacional, xa que isto produce un desarraigamento nas persoas, familias rotas, e está a contribuír en grande medida ao despoboamento e a desertización económica, e fundamentalmente de maneira moi negativa o noso futuro como país. As causas de todo isto non son outras que a destrución da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia da igualdade e do fomento da conciliación para favorecer que as persoas que queiran traballar e ter unha familia, e ao mesmo tempo o poidan facer. Por iso entendemos que a solución pasa por promover que teñamos

empregos dignos no país e tamén por favorecer o retorno das persoas que xa emigraron nos últimos anos. Por iso a moción proponlle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.
- Deben ser eixos destas políticas:
  - A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
  - A creación de emprego digno e de calidade.
  - O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

**Sra. Alcaldesa:** Abrimos un primeiro turno de intervencións, e... queres pechar Gemi ou a sometemos a votación? A sometemos a votación entón. E... votos a favor, abstencións.

#### **5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 1.224/2019, 1.226/2019 E 1.229/2019, SOBRE O CESE E NOMEAMENTO DE PRESIDENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasamos ao seguinte punto da orde do día que sería dar conta das resolucións da alcaldía núms.: 1.224/2019, 1.226/2019 e 1.229/2019, sobre o cese e nomeamento de presidentes de comisións informativas.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

- **Resolución da alcaldía núm. 1.224/2019, de 04.11.2019**, sobre cese de concelleiro no cargo de Presidente da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade.
- **Resolución da alcaldía núm. 1.226/2019, de 04.11.2019**, sobre nomeamento de Presidente da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá..

- **Resolución da alcaldía núm. 1.229/2019, de 04.11.2019**, sobre nomeamento de Presidente da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente.

**6.- DAR CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE EU SON EN COMÚN SOBRE NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS Á COMISIÓN INFORMATIVA.**

**Sra. Alcaldesa:** O seguinte punto dar conta do escrito do voceiro do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN sobre nova adscrición de membros á comisión informativa.

O Pleno da Corporación dáse por informado do escrito do voceiro do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN sobre nova adscrición de membros á comisión informativa.

**7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 1173/2019 Á 1305/2019, AMBAS INCLUSIVE.**

**Sra. Alcaldesa:** O seguinte punto e dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario: Resolucións Núm: 1173/2019 á 1305/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 1173/2019 á 1305/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

**DECLARACIÓN DE URXENCIA:**

**A-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, ASUMIDA POR TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS, CONTRA O ESMORECEMENTO DAS COMARCAS FERROL-EUME-ORTEGAL. REINDUSTRIALIZACIÓN XA!, A SOLICITUDE DOS SINDICATOS CIG, CCOO E UGT.**

**Sra. Alcaldesa:** Por último, si algún grupo ten algunha moción pola vía de urxencia? Non, entón metemos a solicitude presentada por a CIGA, CCOO E UGT, que é asumida por todos os grupos municipais, como unha declaración contra o esmorecemento das comarcas Ferrol – Eume – Ortegal. Reindustrialización xa!, e a urxencia vén dada porque a manifestación se celebrará mañá as 8:00 da tarde en Ferrol. Algo entorno á urxencia? A sometemos a votación entón. Votos a favor.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, ASUMIDA POR TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS, CONTRA O**

**ESMORECEMENTO DAS COMARCAS FERROL-EUME-ORTEGAL. REINDUSTRIALIZACIÓN XA!, A SOLICITUDE DOS SINDICATOS CIG, CCOO E UGT.**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 8.

**8.- “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, ASUMIDA POR TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS, CONTRA O ESMORECEMENTO DAS COMARCAS FERROL-EUME-ORTEGAL. REINDUSTRIALIZACIÓN XA!, A SOLICITUDE DOS SINDICATOS CIG, CCOO E UGT.”**

**Sra. Alcaldesa:** Bueno non sei se.... pasaríamos a debatela entón, é algo como dixen anteriormente que vén asumido por todos os portavoces dos grupos municipais aquí presentes. Non sei se algún quere intervir? Senón a sometemos a votación entón. Votos a favor.

De seguido, sométese a votación o asunto: “Declaración Institucional asumida por todos os grupos municipais, contra o esmorecemento das comarcas Ferrol-Eume-Ortegal. Reindustrialización xa!, a solicitude dos sindicatos CIG, CCOO e UGT.” e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á citada declaración, segundo texto obrante no expediente.

#### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Alcaldesa:** E pasaríamos ao último punto, que é rogos e preguntas. E.. levantamos o Pleno entón, e... senón hai, moitas grazas a todos.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sendo as dezanove horas e trinta e oito minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
A ALCALDESA